



Resolución de concesión dos II Premios de Innovación en Saúde 2020 no Sistema Público de Saúde de Galicia (procedemento SA304A)

Segundo o establecido no artigo 12 das bases reguladoras da convocatoria da II edición dos Premios de innovación en saúde 2020 no Sistema Público de Saúde de Galicia, publicadas pola Resolución do 10 de decembro de 2020 da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (DOG num. 257 do 23 de decembro de 2020), unha vez revisadas as candidaturas, un comité de selección constituído polo titular da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria e un representante de cada un dos sete nodos de innovación que forman parte da Plataforma de innovación Sanitaria, seleccionará as candidaturas finalistas para cada modalidade de premio para a súa valoración polo Xurado.

Tras efectuar dita selección, o Xurado reuniuse conforme ao disposto no artigo 11 das bases reguladoras. Tras valorar a información recibida dos candidatos de acordo cos criterios establecidos no artigo 10 da citada convocatoria, propoñen a concesión dos premios a unha candidatura na modalidade de idea de pacientes e a dous proxectos na modalidade de idea de profesionais.

Segundo o artigo 13 da convocatoria, e á vista da proposta do xurado, DECLARO gañadores dos II Premios de Innovación en Saúde as seguintes candidaturas:

MODALIDADE	NOME DA IDEA	AUTOR/AUTORES
PACIENTES	Telemedicina en tempos de COVID durante e post COVID	Asociación Galega de Fibrose Quística
PROFESIONAIS	Reorganización da atención cardiolóxica comunitaria ao cardiópata crónico: integración da teleasistencia. Proxecto TELECARDIOCHUS	José Ramón González Juanatey Alejandro Virgós Lamela Pilar Mazón Ramos Rosa Represas Vieites
	Implementación dun programa de Rehabilitación Cardio-Oncolóxica (ReCO)	Bibiana Villamayor Blanco Carlos Peña Gil Milagros Pedreira Pérez José Ramón González Juanatey

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2021
O Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento

